

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 16 DE DECEMBRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura e o establecemento dos pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, nos convenios de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e 58 federacións deportivas galegas, para a promoción e o desenvolvemento das súas modalidades deportivas, por importe total de catro millóns catrocentos sesenta e seis mil noventa e oito euros (4.466.098,00 €), tramitados como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura e o establecemento de pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Piragüismo, para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da súa modalidade deportiva para o ano 2025, por importe de cincocentos sesenta e cinco mil trescentos vinte e un euros (565.321,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100% do importe das subvencións que se concedan ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2025, en réxime de concorrência competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinado a asociación veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por importe de catro millóns de euros (4.000.000,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón das convocatorias de axudas dirixidas a entidades locais, pemes, autónomos, asociacións e fundacións para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para o ano 2025, cofinanciadas polos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia da UE.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a superación do límite do 80% nos pagamentos parciais, segundo o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades públicas do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e pola que se procede á súa convocatoria para o exercicio 2025, por importe de vinte e nove millóns cento vinte mil euros (29.120.000,00€). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, en relación coas axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente no ámbito das universidades do Sistema universitario de Galicia pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, por un importe total de doce millóns trescentos un mil douscentos euros (12.301.200,00 €). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a superación dos límites regulados no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de subvencións de Galicia, por parte da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, ambas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en relación coas axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de quince millóns novecentos sesenta e un mil douscentos euros (15.961.200,00€). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, ambas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en relación coas axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, por un importe total de tres millóns seiscentos oitenta e oito mil oitocentos euros (3.688.800,00€). Tramitación anticipada de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Empresa-Universidad Gallega (FEUGA) para a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial no período de formación en empresa ou organismo equiparado, por un importe total de oitocentos cincuenta e catro mil tres euros con dezaioito céntimos (854.003,18€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Saúde Mental Feafes Galicia (Federación Galega de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia), para o financiamento do Programa de apoio socioeducativo comunitario e prevención da dependencia no rural e para o programa Tecendo Saúde Mental, para persoas con enfermidade mental na nosa comunidade autónoma no exercicio 2024. Importe total: douscentos setenta e seis mil seiscentos sesenta euros con corenta e oito céntimos (276.660,48€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara proxecto industrial estratéxico o proxecto dunha nova terminal de almacenamento de betume no porto de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), promovida por Betunes Gallegos, S.L.U.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Economía e Industria, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (XesGalicia) e a Fundación CEL Iniciativas por Lugo, para a continuidade da Aeronautics Business Factory – BFAero na sexta, sétima e oitava edición, por un importe total de sete millóns cincocentos quince mil catrocentos setenta e catro euros (7.515.474,00€), mediante a tramitación como anticipado de gasto, e a concesión directa dunha subvención plurianual mediante convenio con exención de constitución de garantías nos pagamentos á conta e no pagamento anticipado e a superación da porcentaxe no pagamento anticipado.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U. (XesGalicia) e Asociación Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), para a continuidade do foco de emprendemento no sector alimentario de Galicia (Business Factory Food – BFFood), por un importe total de sete millóns trescentos oitenta e sete mil oitocentos setenta e cinco euros cun céntimo (7.387.875,01 €), mediante a tramitación como anticipado de gasto, e a concesión directa dunha subvención plurianual mediante convenio con exención de constitución de garantías e superación da porcentaxe no pagamento anticipado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a licitación das obras de construción dun edificio para 24 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos no cuarteirón 2 do Plan parcial-sector PP-1-R do Bertón, rúa As Constituíntes, Ferrol (A Coruña), cun orzamento de licitación de seis millóns catrocentos trinta e sete mil douscentos catorce euros con trinta céntimos (6.437.214,30€), IVE incluído, e un valor estimado de cinco millóns oitocentos cincuenta e dous mil trece euros (5.852.013,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se toma razón da licitación do contrato para a redacción do proxecto de centro de saúde de Meis.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de pagamentos anticipados ata o 80% da subvención concedida e a exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2025, por importe de cento oitenta mil euros (180.000,00€), tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual na Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duasetas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2025/26 nunha universidade galega, por importe de dous millóns cincocentos cincuenta mil euros (2.550.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre a contratación do servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas no concello de Ortigueira.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre os datos de débeda pública publicados polo Banco de España correspondentes ao 3º trimestre de 2024.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación do Plan de sendas de Galicia para o período 2024-2027.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a incidencia da tuberculose en Galicia: características dos casos no ano 2023. Evolución do período 1996-2023

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a actividade editorial da Xunta de Galicia 2022-2024.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Ponteareas para a rehabilitación e o deseño interior da nova praza de abastos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS CONVENIOS COAS 59 FEDERACIÓNS DEPORTIVAS CONTINUÁN MEDRANDO PARA MARCAR O TERCEIRO RÉCORD HISTÓRICO CONSECUTIVO CON MÁIS DE 5 M€

Este orzamento inicial non esgota as vías de colaboración ou ampliación do investimento consignado ás federacións en 2025, que se prevé que seguirá aumentando nas vindeiras datas coa aprobación definitiva dos orzamentos da Xunta

O Consello da Xunta deu luz verde aos convenios de colaboración que o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, asinará coas respectivas federacións deportivas. En total son 59 as federacións deportivas que xa teñen autorizados os seus convenios para realizar na súa integridade a totalidade das actuacións, actividades, funcións e tarefas que, conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, asumen as federacións deportivas en réxime de exclusividade.

A Secretaría Xeral para o Deporte destinará en 2025 un total de máis de 5 millóns de euros (5.031.419 euros) nos convenios que subscribirá coas 59 federacións deportivas, aos cales hai que sumar 260.755 euros que van destinados á Federación Galega de Ciclismo (84.700 euros para a Volta Ciclista a Galicia) e á Federación Galega de Automobilismo (172.955 euros para os diferentes *rallies* do calendario galego), que neste ano, coma no anterior, se sufragan de xeito excepcional por outro capítulo. Deste xeito, a Xunta destina un total de preto de 5,3 millóns de euros para que as federacións deportivas de Galicia poidan realizar a súa actividade deportiva, o que supón o terceiro máximo histórico consecutivo destinado ás federacións nos tres últimos anos. Este orzamento inicial non esgota as vías de colaboración ou ampliación do investimento consignado ás federacións en 2025, que se prevé que seguirá aumentando nas vindeiras datas coa aprobación definitiva dos orzamentos da Xunta.

O Consello tamén aproba a modificación dos límites e das porcentaxes dos pagamentos anticipados para que todas as federacións deportivas de Galicia poidan desfrutar do 90% do pagamento de xeito anticipado.

Este orzamento é distribuído atendendo a criterios obxectivos, como son o número de licenzas totais, licenzas femininas e licenzas de deportistas con discapacidade existentes na federación, o número de clubs participantes en competicións oficiais, os de campionatos de España e competicións internacionais organizadas, os deportistas da federación que formen parte das seleccións deportivas, o número de deportistas galegos de alto nivel ou de deportistas de alto nivel da federación ou, entre outros criterios obxectivos, as actividades de promoción e fomento realizadas nas actividades en idade escolar. Do mesmo xeito, tamén son financiados os proxectos de especial relevancia (PER) de cada federación -campionatos e eventos deportivos de relevancia autonómica, estatal e internacional, que terán lugar na nosa comunidade e que contribuirán a situar Galicia como referencia no ámbito deportivo e competitivo-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os 59 convenios autorizados na sesión de hoxe son os das federacións deportivas galegas de actividades subacuáticas (21.567 euros), aeronáutica (14.887 euros), atletismo (288.028 euros), automobilismo (51.865 euros), bádminton (108.353 euros), baile deportivo (28.320 euros), baloncesto (297.341 euros), balonmán (224.768 euros), béisbol e sófbol (14.194 euros), billar (23.066 euros), birlos (24.992 euros), boxeo (34.877 euros), caza (34.458 euros), ciclismo (136.531 euros), colombicultura (3.833 euros), colombofilia (8.149 euros), deporte adaptado (88.984 euros), deportes autóctonos (21.292 euros), deportes de inverno (9.594 euros), esgrima (38.402 euros), espeleoloxía (18.366 euros), esquí náutico (9.978 euros), fútbol (291.629 euros), golf (55.299 euros), halterofilia (68.057 euros), hípica (80.387 euros), hóckey (66.677 euros), judo e deportes asociados (158.330 euros), karate e deportes asociados (79.410 euros), kickboxing (22.807 euros), kung-fu (36.092 euros), loita e deportes asociados (116.838 euros), montañismo (33.835 euros), motociclismo (67.967 euros), motonáutica (35.945 euros), natación (184.336 euros), orientación (27.833 euros), pádel (42.484 euros), patinaxe (63.313 euros), pelota (12.247 euros), pesca e cásting (17.052 euros), petanca (13.916 euros), piragüismo (565.321 euros), remo (124.821 euros), rugby (53.351 euros), salvamento e socorrismo (24.194 euros), squash (72.384 euros), surf (71.332 euros), taekwondo (131.359 euros), tenis (121.638 euros), tenis de mesa (44.945 euros), tiro ao voo (6.667 euros), tiro con arco (54.468 euros), tiro olímpico (46.898 euros), triatlón e péntatlon moderno (184.979 euros), vela (305.438 euros), voleibol (91.436 euros), xadrez (61.649 euros) e ximnasia (94.238 euros).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA A 4 M€ O ORZAMENTO PARA AXUDAS A ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS E DE MULLERES RURAIS E ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DE GALICIA

- En 2025 destínanse un millón de euros máis ante a elevada demanda que rexistra esta convocatoria cada ano e a importancia social das necesidades atendidas
- As achegas poden acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para dotación de equipamentos
- A través desta medida fináncianse os investimentos nos inmobles da súa titularidade e na adquisición do material necesario para o seu funcionamento

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a convocatoria de subvención para 2025 en réxime de concorrência competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria, destinada a asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia, por un importe de 4 millóns de euros. Incrementase así nun millón de euros a contía destinada nos últimos exercicios a esta medida, en resposta á elevada demanda que se rexistra cada ano e á importancia social das necesidades atendidas.

Estas axudas enmárcanse no compromiso do Goberno galego co asociacionismo local polo seu importante papel na dinamización da vida social e cultural do contorno e na mellora da calidade de vida da cidadanía. Ademais, estes colectivos son o ámbito máis próximo á veciñanza e, polo tanto, constitúen unha canle fundamental para trasladar as súas demandas.

As entidades beneficiarias deberán estar inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade no caso das entidades veciñais e de mulleres rurais e no Llibro de rexistro de augas do correspondente organismo de bacía como titulares de aproveitamento de augas. Todas elas deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociación de veciños, ou como asociación de mulleres rurais.

A través desta orde, o Goberno galego contribúe a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal. Deste xeito, poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles da titularidade das entidades solicitantes ou sobre os que teña dereito de uso, no caso das asociacións de veciños e de mulleres rurais, así como os equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles orientados ao cumprimento dos fins da entidade e o seu funcionamento ordinario, e as obras nas traídas de auga comunitarias.

Apoio a obras e equipamento

Entre os proxectos subvencionables inclúense dúas liñas, unha delas dotada con 3,4 millóns de euros para obras de acondicionamento, reforma e ampliación dos locais sociais onde as entidades veciñais e de mulleres rurais desenvolven a súa actividade, e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias promovidas por comunidades de usuarios de augas.

A outra liña de axudas financia, cunha achega de 600.000 euros, a adquisición de equipamento necesario para o funcionamento das organizacións beneficiarias. En concreto, mobiliario, material de oficina, equipamento informático ou acústico e audiovisual, ademais doutro material básico para actividades específicas.

As axudas económicas que se concedan poderán acadar a totalidade do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 12.000 euros para a realización de obras e de 5.000 euros para a dotación de equipamentos.

A orde tramitarase en réxime de concorrência competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas segundo os criterios de valoración establecidos nela. Ademais, mantense a posibilidade da concesión de anticipos de ata o 100% que se farán efectivos unha vez realizada a notificación da subvención, por solicitude da entidade beneficiaria.

Neste exercicio, os 3 millóns de euros destinados sumaron 341 entidades beneficiarias en toda Galicia. Deste total, 162 son de Pontevedra, en que se distribuíron 1,6 millóns de euros; 100 de Ourense, con achegas que suman 788.000 euros; 46 da Coruña, 342.000 euros investidos; e 33 de Lugo, con 269.000 euros. Desde a posta en marcha da medida, en 2016, a Xunta investiu preto de 26 millóns de euros nestas axudas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 15 M€ A AXUDAR A CONCELLOS, EMPRESAS E ASOCIACIÓNS A OPTIMIZAR A XESTIÓN DOS RESIDUOS DE ORIXE MUNICIPAL PARA AVANZAR CARA A UNHA ECONOMÍA CIRCULAR

- O Consello toma razón da convocatoria nas vindeiras semanas de dúas ordes de axudas para proxectos impulsados por entidades locais galegas e dunha terceira liña destinada a apoiar iniciativas de pemes, asociacións e fundacións sen ánimo de lucro
- As administracións locais poderán recibir ata 300.000 € para comprar un camión adaptado á recollida de biorresiduos e unirse a concellos da contorna se queren optar a achegas de ata 200.000 € para facer melloras en puntos limpos fixos
- Tamén haberá incentivos para impulsar proxectos municipais orientados á recollida separada de aceites de cociña e residuos téxtiles, cun límite de 80.000 € por axuda
- Co fin de implicar o tecido produtivo e social nos obxectivos de preparación para a reutilización e de valorización de determinadas fraccións do lixo, convocaranse subvencións por 3,2 M€ dirixidas a construír ou ampliar este tipo de instalacións
- No período 2022-2024, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático aproveitou os fondos europeos do programa Next Generation para outorgar axudas en materia da xestión e tratamento dos residuos domésticos por valor de 24,4 M€

A Xunta destinará o próximo ano un total de 15 millóns de euros a convocar diferentes tipos de axudas para apoiar entidades locais, pequenas e medianas empresas e asociacións de carácter social na execución de proxectos e medidas que contribúan a optimizar a xestión dos residuos de competencia municipal, avanzando deste xeito cara a un modelo de economía circular a nivel local e na loita contra o cambio climático.

Concretamente, serán dúas ordes destinadas especificamente a apoiar concellos ou agrupacións de entidades municipais no impulso deste tipo de proxectos e unha terceira dirixida a empresas e entidades sen ánimo de lucro. A previsión da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é que as tres ordes se publiquen nas vindeiras semanas, despois de que o Consello da Xunta tomase razón esta mañá da súa convocatoria.

A primeira das liñas dirixidas a entidades locais dispón dun orzamento de 9,2 millóns de euros e prevé catro tipos de actuacións subvencionables. Dúas delas pretenden, por un lado, axudar os concellos a implantar a través do contedor marrón a recollida separada dos chamados biorresiduos (é dicir, a fracción orgánica do lixo doméstico) e, por outro, apoialos no impulso dunha correcta xestión destes refugallos con proxectos de compostaxe doméstica ou comunitaria.

En ambos os casos o importe da subvención varía en función da poboación, pero se o beneficiario solicita a axuda para comprar un camión adaptado para biorresiduos, a contía máxima da achega será de 300.000 euros por vehículo.

Os outros dous tipos de proxectos subvencionables con cargo a esta mesma orde están relacionados coa recollida selectiva das outras dúas fraccións do lixo doméstico sobre as

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que a Unión Europea ten posto o seu foco nos últimos anos: o aceite de cociña usado e os residuos téxtiles.

A contía máxima da achega, en ambos os casos, será de 5.000 euros cando se trate dunha solicitude individual e dun máximo de 80.000 euros se detrás do proxecto presentado hai máis dunha entidade municipal.

Neste sentido, cómpre lembrar que a directiva europea establece como obrigatoria a recollida selectiva do residuo téxtil a partir do 1 de xaneiro de 2025, exixencia que, unida ao crecemento progresivo experimentado por esta fracción nos últimos anos, fai moi interesante calquera proxecto relacionado coa súa separación, reutilización e reciclaxe.

Puntos limpos fixos, de proximidade ou móbiles

A outra orde de subvencións para concellos, cun orzamento global de 2,6 millóns de euros, ten como fin apoiar iniciativas para garantir unha correcta xestión dos residuos domésticos especiais que quedan fóra da recollida domiciliaria e non se poden depositar en contedores específicos. Dividida tamén en catro liñas de actuación, as tres primeiras teñen que ver coa mellora ou a posta en marcha de diferentes tipos de puntos limpos.

En concreto, as entidades locais que queiran facer obras para optimizar ou ampliar un punto limpo fixo xa existente poderán solicitar achegas de ata 150.000 euros se a solicitude é a título individual, ou de 200.000 euros cando a instalación preste servizo a varios municipios.

No caso de acollerse á liña para a adquisición dos chamados puntos limpos de proximidade (instalacións de menor tamaño pero que cumpren coa mesma función), os concellos optarán a axudas de 15.000 euros e as agrupacións municipais a un máximo de 35.000 euros, e para as entidades interesadas en mercar conxuntamente un punto limpo móbil (un camión con caixa basculante e compartimentos separados en que depositar distintos tipos de residuos especiais) a Xunta ofrecerá ata 120.000 euros.

A cuarta liña está pensada para apoiar a construción de instalacións de iniciativa municipal destinadas á preparación para a reutilización ou á autorreparación de residuos eléctricos e electrónicos, téxtiles e outros refugallos recollidos separadamente. O importe máximo da subvención é, neste caso, de 150.000 euros para concellos en solitario e de ata 200.000 euros se hai máis solicitantes.

Incentivos para empresas e entidades sociais

A terceira e última orde de axudas convocarase por valor de 3,2 millóns de euros e será a única que teña como potenciais beneficiarios pequenas e medianas empresas, asociacións e fundacións galegas que desenvolvan proxectos destinados a dotar dunha nova vida os materiais procedentes da recollida separada de certos residuos municipais.

Dividida pola súa vez en tres liñas de actuación, os proxectos para construír instalacións de preparación para a reutilización de refugallos recollidos separadamente (RAEE, téxtil, etc.) poderán recibir unha achega de ata 200.000 euros ou unha contía equivalente ao

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

90% do custo subvencionable cando o solicitante sexa unha asociación ou fundación, ou ao 60% se o beneficiario é unha empresa privada ou un autónomo. A terceira liña cubrirá, como máximo, a metade dos gastos construtivos de novas instalacións privadas para a valorización de materiais téxtiles, cun límite de 800.000 euros por proxecto.

Aproveitamento dos fondos europeos

A Xunta é consciente do importante reto que teñen as entidades locais galegas respecto do cumprimento da normativa europea de residuos e da necesidade de implicar a todos os axentes sociais para a consecución real dos obxectivos marcados neste eido.

Por iso, nos últimos anos convocou un completo paquete de axudas, financiado con orzamento propio e fondos do programa *Next Generation UE*, para axudar as entidades locais a implementar un sistema propio de recollida e tratamento da materia orgánica e outros investimentos relacionados coa xestión correcta e eficaz dos residuos municipais.

Así, só no período 2022-2024 a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático concedeu axudas neste eido por un importe total de 24,4 millóns de euros. Máis do 85% destes fondos (21,1 millóns) destináronse a cofinanciar preto de 500 proxectos, medidas e iniciativas municipais que contribúen a mellorar a recollida e a xestión dos residuos de orixe doméstica. Os 3,28 millóns restantes repartíronse en subvencións a empresas, fundacións e entidades sociais que promoveron 9 proxectos de preparación para a reutilización e de reciclaxe, relacionados na súa maior parte cos residuos téxtiles.

Apoio ás entidades locais para cumprir cos retos da UE

Coa convocatoria destas tres novas liñas de axudas de cara ao ano 2025, a Xunta mantén o seu compromiso de apoiar as administracións locais para avanzar no cumprimento da normativa vixente en materia de residuos domésticos e na transición cara ao modelo de economía circular a nivel municipal, financiando actuacións que optimicen os servizos prestados neste eido e impulsen unha nova cultura empresarial que contribúa a preparar para poder reutilizar os refugалlos de orixe doméstica.

Deste xeito, o Goberno autonómico segue avanzando para pechar o círculo da sustentabilidade, dotando Galicia dun marco normativo e estratéxico moderno e eficaz, e potenciando de forma decidida unha xestión dos residuos baseada na prevención e no fomento da reciclaxe, aspectos fundamentais para superar o modelo de economía lineal e lograr unha transición enerxética xusta e ordenada.

Entre os principais fitos neste eido cómpre lembrar a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia no ano 2021, que recolle as novas disposicións da directiva comunitaria en relación coa xeración e xestión dos refugалlos domésticos, o fomento da preparación para a súa reutilización e reciclaxe e a recollida separada de novas fraccións de lixo, como os biorresíduos, o aceite de cociña ou o material téxtil.

Ademais, este mesmo ano aprobáronse os novos plans autonómicos de residuos que lles darán continuidade aos anteriores cun novo horizonte temporal: o Plan sectorial de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xestión de residuos municipais de Galicia (PXRMG) e o Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (Priga).

Ambos os instrumentos marcan a folla de ruta que se vai seguir ata o ano 2030 e consolidan o compromiso do Goberno galego cun novo modelo produtivo e unha xestión axeitada e sustentable dos residuos en Galicia, en coherencia coa Estratexia galega de economía circular 2020-2030 e coa de cambio climático e enerxía 2050.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA REFORZA A APOSTA DE GALICIA POLA I+D+I CUNHA INXECCIÓN DE 61 M€ AOS GRUPOS DE INVESTIGACIÓN, PREDOUTORAIS E POSDOUTORAIS

- Salienta que Galicia é a comunidade onde máis medrou o investimento neste eido, un 28% máis en 2023 ata chegar a preto de 963 M€
- O Consello da Xunta dá luz verde ás primeiras catro convocatorias para investigadores do vindeiro ano
- Román Rodríguez explica que se convocan 175 novos contratos predoutorais e posdoutorais, un ámbito no cal actualmente Galicia conta con preto de 500 investigadores
- Sumaranse outros 29 M€ ao financiamento plurianual dos 427 grupos de investigación que traballan en Galicia, unha cifra récord
- O Goberno galego aprobará á volta do Nadal o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou incrementar “en preto dun 20%” a partida para axudar os grupos de investigación e contratar investigadores predoutorais e posdoutorais “ata superar os 61 millóns de euros”.

Deste xeito, segundo salientou, Galicia consolídase como unha das comunidades que máis aposta pola I+D. Non en balde, a estatística sobre actividades de I+D no ano 2023, recentemente publicada polo Instituto Nacional de Estatística, revela que “Galicia foi a comunidade que máis incrementou o ano pasado o investimento en investigación e desenvolvemento”, ata os 962,8M€ (un 28,2% máis). Rueda salientou que isto supón a cifra máis alta destinada a I+D en Galicia en toda a serie histórica e “case duplica o incremento do conxunto do Estado”, que foi do 15,8%.

Segundo este estudo, en 2023 desenvolveron actividades de I+D en Galicia un total de 13.856 persoas, das cales boa parte son persoal contratado nas universidades públicas galegas e co apoio da Xunta de Galicia a través das distintas convocatorias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP.

Esta aposta decidida da Xunta pola ciencia continuará nos vindeiros anos. De feito, o orzamento da Xunta en 2025 para a área de Ciencia medra 78 millóns de euros, un crecemento superior á media dos orzamentos da Xunta.

Ademais, tal e como explicou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, está prevista para o vindeiro mes de xaneiro a “aprobación do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027”, co fin último de mellorar a resposta das políticas públicas aos retos actuais da sociedade no eido da I+D+i, potenciando o papel de Galicia como referente neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

32 M€ para predoutorais e posdoutorais

Precisamente un dos piares da contratación de investigadores universitarios son os contratos predoutorais e posdoutorais. De feito, neste momento hai 347 predoutorais e 147 posdoutorais contratados a través das tres convocatorias da Xunta. Para o ano 2025, a principal novidade é o reforzo do orzamento destas tres convocatorias. Tal e como explicou Rodríguez, “máis da metade” da partida hoxe aprobada, uns 32 millóns de euros, “para os contratos de 175 investigadores predoutorais e posdoutorais”.

No que atinxe aos contratos predoutorais, destínanse 12,3 millóns de euros para a contratación de 102 investigadores por un período de catro anos no Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i. “A finalidade deste programa é a formación do persoal nas súas etapas iniciais para que, mediante procesos formativos estables, adquiran as habilidades propias do persoal investigador”, explicou.

Trátase de contratos de catro anos de duración que inclúen estadias de tres meses no estranxeiro. “O importe máximo da primeira e segunda anualidade para cada axuda é de 24.600€ anuais, para ao terceiro ano é de 25.200 €, e de 30.600 € no cuarto ano”, indicou o conselleiro. Durante o período de orientación posdoutoral, o importe máximo é de 31.500 € anuais. A maiores, hai que engadir un complemento de estadia no estranxeiro que pode acadar os 6.000 euros de máximo, xa que varía en función da zona de destino.

“No caso das axudas posdoutorais, de seis anos de duración, destínanse 15,9 millóns de euros para 49 contratos”, expuxo, ao mesmo tempo que indicou que o obxectivo principal é continuar formando os xa doutorados e que estes establezan unha liña de investigación que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria no sistema de I+D+i galego.

Durante os primeiros tres anos do contrato, os beneficiarios recibirán un máximo de 32.800€ ao ano. A maiores, recibirán un complemento por cada mes de estadia no estranxeiro segundo a zona de destino e se teñen a condición de bolseiro Fulbright. Durante os seguintes tres anos, tras superar a avaliación intermedia, os beneficiarios recibirán 50.900€ anuais, incluídos os complementos para o establecemento dunha liña propia de investigación.

Ademais, deuse o visto e praxe á convocatoria de 24 contratos posdoutorais de continuidade, cun orzamento de case 3,7 millóns de euros. Esta convocatoria ten como obxectivo completar a formación dos investigadores que aínda continúan no modelo anterior de posdoutorais de cinco anos, dividido en dúas fases de tres e dous anos, e cuxos contratos poden así estenderse a un total de seis anos en igualdade de condicións.

Cunha duración de dous anos para a creación dunha liña de investigación propia, o importe máximo dos contratos será de 49.950 € ao ano, un 2,5% máis.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Garantir financiamento aos grupos

Finalmente, explicou Román Rodríguez, aprobouse a convocatoria de axudas dirixida aos grupos de investigación máis competitivos do sistema de I+D+i para o ano 2025, por un importe de 29,1 millóns de euros. Actualmente hai 427 grupos de investigación en activo, o máximo histórico acadado, co apoio da Xunta, que desenvolven o seu labor co apoio da Xunta nas tres universidades públicas galegas, nos organismos públicos de investigación en Galicia, nas fundacións galegas de investigación sanitaria e nos centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) radicados en Galicia.

Esta liña de axudas é o programa nuclear da Xunta de Galicia no financiamento da I+D e ten o obxectivo de garantir un financiamento estrutural aos grupos científicos máis excelentes do sistema galego e a proxectos de excelencia de alto impacto.

Ao igual que nas convocatorias anteriores, a orde inclúe o apoio a grupos de referencia competitiva (modalidade A), a grupos de potencial crecemento (modalidade B) e a proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente (modalidade C). Ademais, mantense o criterio de ter en consideración o liderado e a importancia e o papel desempeñado polas mulleres nas propostas presentadas, co fin de contribuír a reducir o desequilibrio entre mulleres e homes dedicados á investigación no Sistema galego de I+D+i.

O financiamento varía en función dos ingresos medios anuais e das actividades de transferencia de coñecemento, que oscilan entre os 15.000 e os 105.000€ ao ano para cada grupo. As axudas poden destinarse tanto á contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación ou de investigadores visitantes como a sufragar ferramentas de xestión do coñecemento e a información (aplicacións, licenzas e programas informáticos, bases de datos, etc.), pequeno equipamento inventariable e material funxible, material bibliográfico ou consultoría e asesoramento externo, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 240.000 EUROS A UN PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL QUE VIVEN NO RURAL

Asinarase un convenio de colaboración con Feafes Saúde Mental Galicia para prestar apoio social, educativo, emocional e psicolóxico

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental Feafes) para dar continuidade ao programa *Tecendo Saúde Mental*. O importe deste acordo é de preto de 240.000 euros, un 60% máis que o anterior.

O obxectivo deste programa é mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por un problema de saúde mental que viven no rural, e pon especialmente o foco na atención nas mulleres que son nais ou están embarazadas, así como nos seus fillos. En concreto, esta iniciativa desenvólvese nas comarcas de Ordes, Sar, Santiago e A Barbanza (na provincia da Coruña); no Condado e A Paradanta (en Pontevedra); e en diferentes concellos rurais das provincias de Ourense e Lugo.

A través de *Tecendo Saúde Mental*, as persoas que teñen algunha doenza psiquiátrica reciben apoio social e educativo para facilitar a súa inclusión, e tamén contan con axuda emocional e psicolóxica. Outro dos obxectivos é previr situacións de dependencia derivadas de problemas de saúde mental. A previsión é atender ao longo do ano con este programa arredor de 700 persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DA LUZ VERDE Á DECLARACIÓN COMO PROXECTO INDUSTRIAL ESTRATÉXICO DUNHA NOVA TERMINAL DE ALMACENAMENTO DE BETUME ASFÁLTICO EN VILAGARCÍA

- As novas instalacións están impulsadas pola empresa Betunes Gallegos, S.L.U. e contan cun investimento superior aos 21,6M€ e a creación de 32 postos de traballo directos e 13 indirectos
- Trátase do décimo segundo proxecto industrial declarado estratéxico polo Goberno galego que, xunto cos anteriores, suman unha mobilización global de máis de 2.350M€ e preto de 4.200 empregos

O Consello da Xunta deu conta esta mañá da declaración dun novo proxecto industrial estratéxico na Comunidade: unha terminal de almacenamento de betume ou betume asfáltico no porto de Vilagarcía de Arousa. A iniciativa está impulsada pola empresa Betunes Gallegos, S.L.U., do grupo Gunvor, e a súa posta en marcha suporá a creación de 32 postos de traballo directos e 13 indirectos, mentres que o investimento superará os 21 millóns de euros (21.610.700€). Con esta son 12 as iniciativas declaradas estratéxicas polo Goberno galego, que suman unha mobilización global de 2.359,58 millóns de euros e 4.187 empregos.

O proxecto suporá a posta en marcha dun complexo formado por dúas plantas cuxa capacidade de almacenamento acadará os 43.000 m³ de betume e suporá unha ocupación de 6.782,10 m². Concretamente, a primeira das naves estará localizada na parcela que ocupou antigamente a empresa Foresa. Nela levantaránse unha estación e carga de camións, tanques de almacenamento, tubaxe para a importación e exportación do produto ata a terminal, unha estación de bombeo, ademais das instalacións necesarias para o quecemento dos tanques e tubaxes e edificacións de uso administrativo. A outra área localízase onde se situou no seu día a empresa Nynas, dedicada tamén ao almacenamento de betume. Betunes Gallegos, S.L.U. ten previsto aproveitar as instalacións existentes (incluídos os depósitos, peiraos de carga, oficinas e elementos auxiliares) para acometer obras de mellora e modernización.

Gunvor, empresa matriz de Betunes Gallegos, S.L.U., obtén petróleo cru e derivados procedente de máis de 100 países e traballa con máis de 75 institucións financeiras distribuídas en Asia-Pacífico, América, Medio Oriente e Europa. Unha liña de negocio á cal na actualidade suman os biocombustíbeis, o gas natural e as enerxías renovables, que xa representan preto da metade do seu volume de negocio. A nivel global, emprega máis de 1.700 persoas e, segundo os últimos datos financeiros consolidados do exercicio 2023, ten unha facturación que se sitúa arredor de 127.000 millóns de dólares e un beneficio neto de 1.252 millóns de dólares.

A declaración como proxecto industrial estratéxico enmárcase na filosofía do Goberno galego por axilizar e desburocratizar os procedementos administrativos que, neste caso, permiten adiantar os prazos de implantación das actividades industriais e, polo tanto, da creación de emprego. Ademais, o proxecto incluírase no Plan autonómico de impulso

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e aceleración de proxectos industriais, creado a través da Lei 10/2023, de medidas fiscais e administrativas, que entrou en vigor o pasado 1 de xaneiro.

A nova terminal de almacenamento de betume de Vilagarcía de Arousa cumpre cos requisitos para ser declarada como proxecto industrial estratéxico. Cómpre salientar que os ditos requisitos se modificaron a comezos deste ano co fin de facilitar, aínda máis, o asentamento de novas industrias na Comunidade galega, de maneira que aqueles proxectos cuxo importe supere os 2 millóns de euros e promova a creación de 25 empregos, entre directos e indirectos, poden ser declarados proxectos industriais estratéxicos sempre que teñan unha repercusión salientable na industria galega.

A iniciativa súmase ás declaracións como proxecto industrial estratéxico de H2Pole, o centro de produción de hidróxeno verde promovido por Reganosa e EDP Renovables nas Pontes; á de Sentury Tire para implantar unha fábrica de pneumáticos tamén neste concello da provincia coruñesa; a planta de metanol verde en Mugardos de Forestal del Atlántico, así como a de fibras téxtiles de Altri en Palas de Rei; a planta de biofibra reciclada de Ence nas Pontes; a planta de hidróxeno renovable de Naturgy, Repsol e Reganosa en Cerceda; a planta de envasado e manipulación de peixe proxectada por Stolt Sea Farm en Rianxo; a de extracción de cobre nos concellos do Pino e Touro, promovida por Cobre San Rafael; a planta de xeración, almacenamento e distribución de hidróxeno verde no concello de Arteixo, promovida por AccionaPlug; o proxecto dun centro de procesamento de datos no concello de Curtis, impulsado por Galicia Green Data Center, e a planta de produción de carbón vexetal de Xeal en Dumbría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA MÁIS DE 120 PROXECTOS DE EMPRENDEMENTO INNOVADOR CON 15 M€ PARA AS BUSINESS FACTORIES FOOD E AERO

- O Consello da Xunta autoriza os novos acordos de colaboración co Clúster Alimentario de Galicia – Clusaga e a Fundación CEL que permitirán consolidar pemes galegas do ámbito do sector da alimentación e do aeronáutico
- Business Factory Food e Business Factory Aero forman parte da rede de aceleradoras da Xunta, que permitiu ata o de agora a creación e a posta en marcha de máis de 250 proxectos de emprendemento innovador e a xeración de máis de 1.400 postos de traballo cualificados directos
- Cun orzamento de preto de 7,5M€ para cada aceleradora, desenvolveranse tres convocatorias sucesivas que impulsen os proxectos nas diferentes fases de incubación, aceleración e consolidación

O Consello da Xunta autorizou a sinatura de dous novos convenios de colaboración que garantirán a continuidade das aceleradoras Business Factory Food (BFFood) e Business Factory Aero (BFAero), co obxectivo de consolidar empresas de nova creación nos sectores estratéxicos da alimentación e da aeronáutica.

O proxecto contará cun orzamento global de preto de 15 millóns de euros, que se distribuirán a partes case iguais entre ambas as aceleradoras. A través destas iniciativas, prevese o impulso de máis de 120 proxectos innovadores nas fases de incubación, aceleración e consolidación durante o período comprendido entre os anos 2025 e 2027.

O programa Business Factory Food, promovido coa colaboración do Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga), centrarase no fortalecemento do sector alimentario, impulsando proxectos que desenvolvan solucións innovadoras e disruptivas.

Con esta nova etapa, BFFood seguirá consolidándose como un referente europeo en innovación alimentaria grazas a un investimento total de case 7,4 millóns de euros. O programa estrutúrase en tres fases diferenciadas, que inclúen a incubación, para proxectos en etapa inicial con apoio durante tres meses; a aceleración, para iniciativas máis avanzadas cunha duración de nove meses; e a consolidación, para empresas con alto potencial de crecemento e un seguimento de nove meses.

Nos próximos tres anos, o programa prevé apoiar ata 51 proxectos en incubación, 45 en aceleración e 17 en consolidación, garantindo recursos financeiros, técnicos e formativos que favorezan a súa viabilidade e escalabilidade.

Pola súa banda, Business Factory Aero, coordinada pola Fundación CEL Iniciativas por Lugo, continúa o seu labor como aceleradora de referencia no ámbito aeronáutico e aeroespacial. Cun orzamento total de máis de 7,5 millóns de euros, BFAero promoverá o desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos de vangarda que contribúan a posicionar Galicia como un polo internacional de innovación neste sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os proxectos seleccionados participarán en tres fases anuais: incubación, cunha duración de 12 meses para proxectos en etapa inicial; aceleración, con oito meses de apoio intensivo para iniciativas con potencial de crecemento, e consolidación, con seis meses de asesoramento especializado para empresas en fase avanzada. Ao longo das tres edicións previstas, seleccionaranse ata 33 proxectos, que recibirán financiamento, apoio técnico e mentoría para garantir o seu éxito no mercado.

Rede aceleradoras

As Business Factory Food e Aero forman parte da rede de aceleradoras impulsada pola Xunta de Galicia, que inclúe outros programas de apoio en sectores estratéxicos como a automoción (BFAuto ou o ambiente (BFClima Tech) e tamén unha aceleradora multisectorial (VíaGalicia).

Este modelo ten demostrado o seu impacto positivo na economía galega, con máis de 250 proxectos innovadores creados, 440 empresas apoiadas e 1.400 postos de traballo cualificados xerados, ademais de contribuír ao incremento da competitividade e internacionalización dos sectores clave.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN POR MÁIS DE 6,4 M€ DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 24 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA NO POLÍGONO DO BERTÓN, EN FERROL

- Autorízase a contratación da execución dun novo edificio para estas vivendas, con 70 prazas de garaxe e 24 rochos, que se desenvolverá na rúa As Constituíntes a carón das outras 24 cuxa licitación foi xa autorizada polo Goberno galego
- O conxunto da nova edificación constará de dúas plantas de soto, planta baixa para soportais, 3 portais, un patio e tres plantas altas para uso de vivenda, 8 por planta
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas as obras
- A Xunta continúa impulsado a vivenda de promoción pública neste barrio da cidade, que permite ter xa en marcha 363 novas vivendas en Ferrol

O Goberno galego aprobou esta mañá a contratación das obras de construción de 24 vivendas de promoción pública (VPP) no Bertón, no concello de Ferrol, por un importe que suporá un investimento de 6.437.214 euros.

A licitación autorizada hoxe ten por obxectivo a construción dun edificio de nova planta de 24 VPP, 24 rochos e 70 prazas de garaxe, que se desenvolverá no cuarteirón segundo da parcela 1, na rúa As Constituíntes. Esta nova edificación no Bertón situarase a carón das outras 24 vivendas previstas neste mesmo contorno e cuxa contratación das obras foi autorizada na reunión do Consello da Xunta do 9 de decembro.

Unha vez autorizada hoxe polo Executivo autonómico a licitación deste contrato, a Xunta licitarao nas vindeiras semanas.

En concreto, a parcela en que se situará esta nova edificación ten unha superficie de 1.303 m², con forma irregular e fronte principal duns 72 metros cara á rúa As Constituíntes. Estrema ao norte coa rúa As Constituíntes, ao leste con vía pública, ao sur con predios privados e ao oeste cunha vía peonil. O ámbito está totalmente urbanizado.

A intervención no proxecto obxecto da licitación da obra autorizada hoxe ten como finalidade a construción dunha nova edificación que consta de dúas plantas de soto para 53 prazas de garaxe, 24 rochos e cuartos de instalacións; planta baixa para soportais, 3 portais, cuartos de instalacións e servizos, 17 prazas de garaxe e un patio.

As tres plantas altas destinaranse para uso de vivenda, con 8 vivendas por planta. O acceso aos portais sitúase na fachada norte, desde a rúa As

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Constituíntes. A través do portal 1 accédese a 6 vivendas, mentres que desde os portais 2 e 3 se accede a 9 vivendas.

Neste conxunto está incluído, ademais, que 1 vivenda e 1 praza de garaxe sexan adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

A Xunta de Galicia financia as obras nun 81,96% con fondos propios, e o resto corresponde aos fondos da Unión Europea (Plan de recuperación, transformación e resiliencia). A Administración autonómica tamén financia con fondos propios a redacción do proxecto e o resto de traballos técnicos, preto de 190.000 euros, así como o custo da parcela en que se edifican, que foi urbanizada pola Xunta.

Este novo proxecto cumpre o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. En concreto, teñen en conta as prescricións sobre eficiencia enerxética, consumo de enerxía non renovable, circularidade e xestión de residuos, que se reflicten no dito decreto.

Ademais dos proxectos cofinanciados con fondos MRR, o Goberno galego continúa a traballar en vivendas financiadas exclusivamente con fondos da comunidade autónoma, así como na adquisición de vivendas de promoción pública aos seus propietarios actuais e na compra de vivendas da Sareb.

O Goberno galego continúa apostando polo impulso da vivenda de promoción pública neste barrio da cidade, que permite ter en marcha xa 363 novas vivendas en Ferrol en distintas fases de desenvolvemento.

A Xunta segue desenvolvendo a construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e na súa área de influencia, e ten xa en marcha na Comunidade máis de 1.600 vivendas de promoción pública, en distintas fases de tramitación e execución, co obxectivo de acadar as 8.000 nesta lexislatura. Isto, ao tempo que se desprega a primeira fase de execución da Estratexia galega de solo residencial, que prevé desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A REDACCIÓN DO PROXECTO DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE MEIS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,5 M€

- A Consellería de Sanidade licitará nas vindeiras semanas a redacción do proxecto e a dirección de obra por un importe de 142.451 euros
- O obxectivo é contar co proxecto redactado e aprobado en 2025 para iniciar a execución das obras en 2026
- O novo centro de saúde contará cunha superficie construída de 1.037 m², unificando a atención sanitaria nun único espazo
- A nova infraestrutura sanitaria contará con 3 consultas médicas e 3 consultas de enfermaría, e estará dotada dunha área de atención pediátrica e unha área de atención á muller

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión de hoxe, a licitación da redacción do proxecto e dirección de obra do novo centro de saúde de Meis por un importe de 142.451 euros.

O investimento estimado para a construción do novo centro de saúde ascende a 1,5 millóns de euros. Unha vez autorizado polo Consello da Xunta, a redacción do proxecto licitarase nas vindeiras semanas, co obxectivo de ter redactado e aprobado o proxecto en 2025 e poder licitar e iniciar a execución das obras en 2026.

A obra permitirá unificar a atención sanitaria nun único centro de saúde de 1.037 m². Ata o de agora, esta actividade véñse desenvolvendo en tres centros diferentes, concretamente no centro de saúde de Mosteiro, no consultorio de San Martiño e no consultorio de Paradela, en que a actividade tivo que cesar pola pandemia provocada pola COVID-19 ao non cumprir coas exigencias de distancia interpersonal.

O plan funcional deseñado polo Servizo Galego de Saúde para esta nova infraestrutura sanitaria de atención primaria de Meis prevé 3 consultas de medicina, 3 consultas de enfermaría, 1 sala polivalente e as correspondentes salas técnicas, de toma de mostras e de espera de pacientes.

Ademais, habilitarase unha área pediátrica con 1 consulta médica e 1 de enfermaría pediátrica, ademais de sala de lactación; tamén área de atención á muller, con 1 consulta e 1 sala de educación sanitaria. A construción do novo centro de saúde tamén permitirá habilitar unha sala de xuntas e unha biblioteca para o seu persoal.

En canto aos recursos humanos, a construción do novo centro de saúde en Meis evitará que os pacientes teñan que se desprazar desde o seu consultorio ao centro de cabeceira para contar con certos servizos. Así, contará con tres profesionais de medicina de familia, un pediatra, tres prazas de enfermaría e dúas de persoal de servizos xerais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Incrementéntase, polo tanto, unha praza de tarefas auxiliares administrativas, xa que actualmente non é posible contar cun profesional máis por falta de espazo.

Deste xeito, a Xunta avanza nun dos centros incluídos na fase 2 do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria do Servizo Galego de Saúde, para atender en Meis unha poboación que supera as 4.200 tarxetas sanitarias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONTINÚA APOSTANDO POLO TALENTO AUDIOVISUAL CUN NOVO INVESTIMENTO DE 180.000 EUROS EN AXUDAS A LABORATORIOS, INCUBADORAS E RESIDENCIAS

Convocaranse por segundo ano consecutivo para contribuír á organización de iniciativas de formación e asesoramento que redunden na mellora da calidade e solvencia dos novos proxectos para cinema e televisión

O Consello da Xunta aprobou hoxe a convocatoria, por segundo ano consecutivo, das subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, a través das cales destina 180.000 euros á organización deste tipo de iniciativas de formación e asesoramento. Esta liña de apoio incide na aposta do Goberno galego polo talento audiovisual, favorecendo a solvencia e a calidade das súas novas propostas para cinema e televisión no camiño cara á fase de produción e, xa que logo, a súa viabilidade artística, técnica e financeira.

Poderán optar a estas axudas, en réxime de concorrência competitiva, empresas ou asociacións para os gastos de organización deste tipo de eventos no período comprendido entre a publicación da convocatoria e o 1 de xullo de 2026. A concesión máxima sitúase no 80% do orzamento subvencionable, cun límite de 50.000 euros en cada caso, de xeito que se prevé o cofinanciamento dun mínimo de catro laboratorios, incubadoras ou residencias.

A convocatoria de 2025 introduce unha serie de modificacións nos requisitos que deben cumprir as entidades solicitantes co fin de garantir unha maior solidez dos programas subvencionados, de xeito que deberán contar, por exemplo, con cando menos dúas edicións realizadas nos catro anos anteriores e coa participación dun mínimo de dous proxectos galegos na última delas.

No baremo de puntuacións, tamén se terá en conta o número de propostas de creación e/ou produción galega participantes na edición para a cal se solicita a subvención e na inmediatamente anterior, ademais doutros criterios que teñen que ver coa traxectoria do equipo docente ou coa orixinalidade e calidade das actividades programadas.

A base deste sector é o obxecto final desta liña, que entronca con outras das convocatorias da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para as primeiras etapas do proceso audiovisual, como as destinadas ao desenvolvemento de proxectos durante a fase de preprodución e á promoción do talento tanto na escrita de guións como na realización de curtametraxes e na produción de longas de dirección novel.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A ATRACCIÓN DE TALENTO DO EXTERIOR CUNHA NOVA CONVOCATORIA DAS BOLSAS BEME POR 2,55 M€ PARA QUE 250 MOZOS POIDAN CURSAR MESTRADOS EN GALICIA

- O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á novena edición das bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME), con novas prazas para o curso 2025/26 destinadas a galegos e galegas universitarios residentes no estranxeiro
- En virtude da orde aprobada hoxe, ofertaranse máis de 90 mestrados diferentes en áreas como as Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura ou Ciencias da Saúde, seleccionadas polo seu maior potencial de empregabilidade no mercado laboral
- Desde 2017, esta iniciativa pioneira xa permitiu o retorno de 1.500 mozos e mozas cunha idade media de 29 anos, aos cales se suma outro medio millar de prazas destinadas a estudantes de formación profesional a través do programa Retorna Talento FP
- As BEME enmárcanse na aposta pola captación de talento da Estratexia Galicia Retorna, clave para acadar en 2023 por terceiro ano consecutivo datos históricos de retorno á alza, con preto de 8.500 galegos regresando á súa terra de orixe

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria da novena edición das bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME) que, cun orzamento de 2,55 millóns de euros, permitirá a 250 mozos e mozas do exterior completar a súa formación académica cursando mestrados nalgunha das tres universidades públicas galegas no vindeiro curso 2025/26.

A través deste programa pioneiro da Secretaría Xeral da Emigración aprobado hoxe — unha das medidas incluídas dentro do paquete de accións da Estratexia Galicia Retorna—, a Xunta oférталles ás persoas galegas universitarias residentes no estranxeiro a posibilidade de adquirir unha especialización entre os máis de 90 mestrados ofertados, coa finalidade de que adquiran competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia con maiores garantías, incorporando así perfís altamente cualificados ao tecido produtivo da Comunidade. Unha liña fundamental tanto para atender as necesidades de incorporar talento das empresas galegas en sectores absolutamente estratéxicos, como para favorecer o emprendemento por conta propia vencellado ás oportunidades que ofrece o noso territorio.

Desde 2017, e cun investimento global de 12,3 millóns de euros, esta iniciativa pioneira xa permitiu o retorno de 1.500 mozos e mozas cunha idade media de 29 anos e procedentes de 41 países diferentes, entre os cales destacan a Arxentina, Venezuela, o Uruguai, o Brasil e o Reino Unido. A estas persoas hai que sumarles outro medio milleiro de prazas destinadas a estudantes de formación profesional a través do programa Retorna Talento FP.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A formación cualificada impulsada polo Executivo galego a través das bolsas de excelencia mocidade exterior (BEME) está sendo unha ferramenta fundamental para o retorno e a integración sociolaboral dos galegos e galegas universitarios que residen no exterior. Segundo os datos recollidos das últimas promocións, destaca o grao de permanencia na nosa comunidade —preto dun 80% quedan en Galicia—, un 60% deles con traballo e ata un 40% pensa en emprender. Así mesmo, máis dun 90% dos bolseiros recomendarían a un familiar ou amigo vivir en Galicia.

As políticas de retorno impulsadas pola Xunta no marco da Estratexia Galicia Retorna volveron constatar a súa eficacia de se atender aos recentes datos publicados polo INE. Así, na Estatística de migracións e cambios de residencia 2023 -en que Galicia marca un novo fito cun saldo migratorio positivo de máis de 25.000 persoas-, a Comunidade acadou por terceiro ano consecutivo unha cifra histórica de retorno, pois un total de 8.459 galegos e descendentes regresaron para asentarse de volta na súa terra de orixe -en 2021 foron 7.743 e en 2022, 7.957-.

Detalles da convocatoria

A nova edición das bolsas BEME para mestrados, convocadas en réxime de concorrencia competitiva, destínanse a mozos galegos universitarios residentes fóra de Galicia desde hai máis de dous anos, persoas que residiron en Galicia de forma continuada durante 5 anos, con nacionalidade española antes de emigrar, ou descendentes de galegas e galegos con titulación superior que desexen realizar un dos mestrados que ofertan as tres universidades públicas galegas en calquera dos seus campus.

Todas as persoas beneficiarias destas axudas contarán, un ano máis, cunha orientación laboral coa cal se pretende non só captar para Galicia o talento máis brillante de entre os mozos residentes fóra fomentando o retorno da poboación activa laboral, senón tamén facilitarllas o seu establecemento definitivo na nosa comunidade.

Os máis de 90 mestrados incluídos na convocatoria, pertencentes ás áreas de Arte e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura, foron seleccionados polo seu maior potencial de empregabilidade. Así, a oferta céntrase en estudos con capacidade de absorción no tecido produtivo galego. A bolsa, que varía entre os 8.000 e os 12.500 euros dependendo da rexión de procedencia e do número de créditos que se van realizar, cobre os gastos de matrícula, viaxe, aloxamento ou manutención en Galicia.

Estratexia Galicia Retorna

As BEME englobanse na Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, a través da cal a Xunta busca seguir tecendo lazos coa emigración, fixar poboación e dar resposta a retos estruturais como a cobertura de vacantes ou a remuda xeracional. Esta folla de ruta incide no compromiso de ofrecer traballos de calidade en orixe, así como formación específica orientada ao emprego e axudas para establecerse en Galicia, garantindo acceso a vivenda, educación e asistencia sanitaria. Entre os apoios que se ofrecen destacan ferramentas como o programa Retorna Cualifica Emprego, cuxa segunda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

edición se encontra actualmente en marcha cun orzamento de 2,3 millóns de euros, co obxectivo de beneficiar uns 200 residentes no exterior menores de 55 anos ata finais de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA A SÚA REDE PÚBLICA DE UNIDADES DE ATENCIÓN AO ALZHEÍMER COA CREACIÓN DUN NOVO SERVIZO EN ORTIGUEIRA

- Destínanse 110.000 euros a este recurso que contará con dez prazas para coidados especializados
- As persoas usuarias recibirán asistencia para a realización de actividades da vida diaria, terapia ocupacional e estimulación cognitiva e atención psicolóxica

A Xunta creará unha nova unidade de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer en Ortigueira, que contará con dez prazas públicas para coidados especializados. O Consello autorizou hoxe licitar a contratación deste servizo por un importe de 110.000 euros. A duración inicial deste contrato será por dous anos, de abril do vindeiro ano a marzo de 2027, coa posibilidade de prorrogalo ata un máximo de cinco anos máis.

As persoas que sexan usuarias desta nova unidade recibirán información, orientación e asistencia para a realización de actividades básicas da súa vida diaria; terapia ocupacional e estimulación cognitiva, e atención psicolóxica tanto para elas como para os seus familiares coidadores. Tamén participarán en actividades de lecer e tempo libre.

Galicia consolidou nos últimos anos unha rede pública de unidades de atención diúrna para persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas, que con este novo servizo en Ortigueira superará o centenar de prazas distribuídas pola Comunidade. A través desta rede, o Executivo autonómico procura que as persoas que padecen esta enfermidade e os seus familiares conten con servizos de atención próximos ao seu lugar de residencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE GALICIA PREVÉ PECHAR O 2024 CUN NIVEL DE DÉBEDA PÚBLICA INFERIOR Á QUE TIÑA NO ANO 2012

- Sinala que, segundo os últimos datos do Banco Central, "reduciuse no terceiro trimestre en 929 M€ e sitúase no 15%", o que supón un nivel de débeda 6,3 puntos inferior á media das CCAA
- Cun 3,6 % do total, a galega é unha das Comunidades autónomas menos endebedadas, moi lonxe dos niveis de Cataluña (26,7%), Valencia (17,9 %), Andalucía (12 %) ou Madrid (11,1%)
- As liñas de crédito das que tivo que botar man a Tesourería polos atrasos nos pagamentos a conta do Goberno central xa foron devoltas e non hai previsión de que se teñan que volver a empregar

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, destacou hoxe que a comunidade prevé pechar o ano 2024 "non só cun nivel de débeda pública inferior ao que tiña antes da pandemia, senón por debaixo dos niveis do ano 2012", tal e como se deu a coñecer hoxe nun informe presentado no Consello da Xunta.

Os atrasos do Goberno central no pagamento das entregas a conta provocaron no segundo trimestre deste ano un aumento da ratio débeda/PIB motivado pola necesidade de subscribir pólizas de crédito cun custo financeiro de máis de 10 M€. Pero na actualidade esas liñas de crédito xa foron devoltas e non hai previsión de que se teñan que volver a empregar.

Así mesmo, Rueda indicou que "a previsión de peche do exercicio 2024 pasa por acadar un volume de endebedamento de 11.937 M€, o que supón unha redución de 233 millóns con respecto ao peche do exercicio anterior".

Segundo os últimos datos do Banco Central que se deron a coñecer a semana pasada, a débeda pública galega "reduciuse no terceiro trimestre do ano ata o 15% do PIB" e a ratio débeda/PIB de Galicia "é 1,3 décimas inferior á rexistrada no trimestre anterior", situándose 6,3 puntos por baixo da media das Comunidades autónomas. "A débeda pública galega descendeu neste terceiro trimestre 929 millóns de euros", apuntou Alfonso Rueda.

En comparación coas outras CCAA, a débeda galega supón unicamente o 3,6 % do total, moi lonxe da de Comunidades como Cataluña (26,7%), Valencia (17,9 %), Andalucía (12 %) ou Madrid (11,1 %), e en termos moi similares aos do País Vasco (3,3 %), Baleares (2,6 %) ou Aragón (2,8 %).

A débeda media por habitante no terceiro trimestre ascende a 6.806 euros. As Comunidades de Valencia, Murcia, Cataluña, Castela a Mancha, Baleares e Aragón están por riba da media. No caso de Galicia, a débeda per capita sitúase nos 4.481 euros por habitante, 2.325 euros menos que a media das CC.AA.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Evolución da débeda pública

Tomando como referencia a débeda anterior ao inicio da pandemia, as Administracións públicas no seu conxunto incrementaron o seu endebedamento un 33,6% con respecto ao peche do ano 2019. A maior parte deste incremento ven motivado pola débeda da Administración do Estado, a Administración central sube un 37,3% (1.172.759 M€) e a Seguridade Social un 106% (107.136 M€).

Neste período Galicia incrementou a súa débeda nun 7,4%, fronte ao 12,9% das CCAA.

Galicia, despois de elevar o nivel de débeda como consecuencia da emerxencia sanitaria, volveu á senda de redución do endebedamento, que sitúa a súa ratio non só por debaixo do nivel pre-covid, senón por debaixo dos niveis do ano 2012.

Volume de débeda

Todos estes datos, procedentes do Protocolo de Déficit Excesivo (PDE) elaborados polo Banco de España, ratifican que, segundo explicou Rueda, "Galicia é a comunidade con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008", exercicio no que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, incluídas as CCAA.

Cómpre lembrar que Galicia elaborou os orzamentos para 2024 sen endebedamento, por primeira vez nos últimos 16 anos, e as contas para 2025 seguen a mesma liña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SINALA QUE O NOVO PLAN DE SENDAS DE GALICIA PERMITIRÁ EXECUTAR MÁIS DE 120 KM DE ITINERARIOS NAS ESTRADAS AUTONÓMICAS CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 70 M€

- Lembra que este plan permitiu xa acometer case 300 quilómetros de novos itinerarios cun investimento de preto de 144 M€, e que foi recentemente distinguido nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria 2024
- Pártese dos plans redactados no seu momento para as 11 primeiras comarcas do Plan de sendas que tiñan prioridade menor ás xa executadas na Coruña, Bergantiños, Ferrol, Lugo, O Morrazo, Ourense, Pontevedra, O Salnés, Santiago, A Terra Chá e Vigo
- Ademais, incorporaranse as sendas identificadas como máis prioritarias de 7 novas comarcas: O Baixo Miño, A Barbanza, O Condado, Deza, Lemos, Noia e Sarria
- A Xunta prevé licitar, antes de final de ano, os contratos de servizo para a redacción de todos os proxectos necesarios para completar o plan

O titular do Executivo autonómico, Alfonso Rueda, sinalou hoxe que o novo Plan de sendas de Galicia, aprobado hoxe polo Consello da Xunta, permitirá a execución de máis de “120 quilómetros de novas sendas peonís e ciclistas” nas estradas autonómicas ata o vindeiro ano 2027, e que suporá un investimento “de case 70 millóns de euros”.

Esta iniciativa impúlsase no marco da Estratexia galega de mobilidade, aprobada en maio deste ano polo Executivo autonómico, que prevé como un dos seus eixes de actuación o fomento da mobilidade sustentable e activa mediante a construción de sendas peonís e ciclistas.

O Goberno galego dá así continuidade ao Plan de sendas de Galicia levado a cabo en fases precedentes, que permitiu acometer “preto de 300 quilómetros” de novas sendas e beirarrúas cun investimento de case 144 M€, e que, tal e como lembrou Rueda, foi recentemente distinguido nos premios europeos á excelencia na seguridade viaria 2024, impulsados pola *European Road Safety Charter (ERSC)*, unha comunidade de máis de 4.000 entidades e persoas que promove a Comisión Europea para mellorar a seguridade viaria en toda a UE.

Ademais, están en execución xa actuacións de gran relevancia, como poden ser as correspondentes aos eixes metropolitanos de Santiago: O Milladoiro – Intermodal, Intermodal – San Caetano, acceso ao CHUS; Ourense: Intermodal – A Ponte Vella – Expourense); ao treito Mollavao – Os Praceres da PO-546 entre Pontevedra e Marín: á senda na estrada PO-323 en Teis (Vigo) ou a da PO-531 en Campañó, tamén no concello de Pontevedra.

O novo plan

No Plan de sendas de Galicia autorizado hoxe polo Executivo autonómico identifícanse varias razóns para continuar o traballo levado a cabo nos últimos anos, con itinerarios que incentivan os usos de modos non motorizados como alternativa ao transporte

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

convencional, reducindo tráfico e emisións; promoven o exercicio físico beneficiando a saúde e o benestar; melloran a seguridade viaria, ao segregar usuarios vulnerables do tráfico motorizado, e tamén teñen un valor recreativo e turístico.

Na selección de actuacións do Plan aprobado hoxe partiuse da revisión e análise das infraestruturas existentes e plans previos para a selección e identificación de áreas prioritarias baseadas en criterios de demanda, accesibilidade e coherencia coa Estratexia galega de mobilidade, que permitiron a clasificación das actuacións en niveis de prioridade (alta, media e baixa) segundo factores como o impacto potencial, a seguridade e a viabilidade técnica.

Con estas bases analizáronse os plans redactados no seu momento para as 11 primeiras comarcas do plan de sendas de Galicia para recoller actuacións que se identificaran pero que tiñan unha prioridade menor que as levadas a cabo na Coruña, Bergantiños, Ferrol, Lugo, O Morrazo, Ourense, Pontevedra, O Salnés, Santiago, A Terra Chá e Vigo.

Ademais, incorporáronse as sendas identificadas como máis prioritarias de 7 novas comarcas: O Baixo Miño, A Barbanza, O Condado, Deza, Lemos, Noia e Sarria.

Deste modo, planifícase a execución dun total de 122,93 quilómetros de novas sendas no período ata 2027, con actuacións que están en diferentes fases de tramitación administrativa.

As lonxitudes e os orzamentos definitivos destes itinerarios concretaranse nos proxectos construtivos que se redacten, pero partindo da planificación xa proxectada nas catro provincias.

Deste xeito, na provincia da Coruña pode destacarse a planificación de novos itinerarios entre Arteixo e Lañas; entre Oleiros e Cambre, en Cambre e Culleredo ou en Boqueixón.

Na provincia de Lugo prevense, entre outros, novos itinerarios en Ombreiro (Lugo), en Guitiriz, en Parga, en Monforte de Lemos ou en Sarria.

No caso de Ourense, destacan as previstas na capital da provincia, en Reza, de acordo co proxecto consensuado cos veciños, e na zona do Cumial.

En canto á provincia de Pontevedra, actuarase no impulso de sendas en Vigo, Nigrán, O Porriño, Pontevedra, Poio, Moaña, Vilaboa, Meaño, Cangas, Bueu, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia, Tui, Salvaterra, Ponteareas, As Neves, Lalín, Vila de Cruces ou A Estrada.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, prevé licitar antes de final de ano o contrato de servizo para a redacción de todos os proxectos necesarios para completar o plan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este contrato realizarase nunha licitación conxunta da redacción de proxectos das outras liñas de financiamento Feder 21/27: seguridade viaria, actuacións preventivas en muros e noiros, e plan de acción contra o ruído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A INCIDENCIA DA TUBERCULOSE CONTINÚA A DESCENDER EN GALICIA, CUN DESCENSO DO 84,6% DOS CASOS ENTRE 1996 E 2023

- Desde a posta en marcha do Programa galego de prevención e control da tuberculose, a incidencia desta enfermidade descendeu de xeito progresivo e constante, ao pasar de 71,8 a 11,2 casos por 100.000 habitantes
- En termos absolutos, o número de novos casos de tuberculose pasou de 1.963 en 1996 a 302 en 2023
- Rexístrase unha diminución, por termo medio anual, do 6,6%
- Galicia segue avanzando na loita contra esta enfermidade, marcando novos fitos, cun descenso dun 48,3% respecto a 2015, data marcada pola Organización Mundial da Saúde para potenciar as actuacións neste eido
- Galicia ten un nivel de resistencias baixo e só o 19,2% dos casos presentan algunha resistencia aos principais fármacos antituberculosos
- A Xunta incide en que non se debe baixar a garda e aposta por manter a tuberculose como liña clave en saúde pública, potenciando as unidades de tratamento

O Consello da Xunta avaliou esta mañá os resultados do último informe da Consellería de Sanidade sobre a incidencia da tuberculose na Comunidade galega, que ratifica a diminución desta enfermidade nun 84,6% en 2023 con respecto ao ano 1996, cando se puxo en marcha o Programa galego de prevención e control da tuberculose.

Segundo os datos do informe, que abrangue a evolución desta enfermidade no período 1996-2023, a incidencia da tuberculose na nosa comunidade descendeu de forma progresiva e constante, ao pasar dos 71,8 a 11,2 casos por 100.000 habitantes. Así, rexistrou unha diminución por termo medio anual do 6,6%.

O número de novos casos de tuberculose pasou dos 1.963 no ano 1996 a 302 en 2023, o que representa un descenso do 84,6% de casos.

Galicia segue a avanzar na loita contra esta enfermidade e marca novos fitos. De feito, no ano 2023 e respecto de 2015 (data marcada pola Organización Mundial da Saúde para pór en marcha e/ou potenciar todas as actuacións clave na loita contra esta enfermidade e a partir da cal fixa os obxectivos de cara a conseguir a súa eliminación), o número total de casos de tuberculose descendeu un 48,3%. Rexistrouse unha diminución por termo medio anual da incidencia do 7,7%, do 7,2% da tuberculose pulmonar e do 6,7% da tuberculose pulmonar bacilífera (a forma máis contaxiosa).

A tendencia decrecente mantívose en 2023, a diferenza doutras comunidades autónomas que presentaron pequenas repuntas.

Outro dato que cómpre destacar referido ao ano 2023 é que o 60,9% dos casos de tuberculose se presentaron en homes. Por grupos de idade, a incidencia máis alta foi nos maiores de 74 anos. Ademais, o 6,6% dos casos foron diagnosticados en menores de 15

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

anos de idade e a localización máis frecuente foi a pulmonar (66,9%), dos cales o 44,1% foron casos bacilíferos (contaxiosos).

O 71,9% dos casos rexistrados presentaron factores de risco, e o principal é o tabaquismo (24,2%).

Tuberculose resistente a fármacos

O informe da tuberculose do ano 2023 refire que Galicia ten un nivel de resistencias baixo, e só o 19,2% dos casos presentaban algunha resistencia aos principais fármacos antituberculosos. Diagnosticáronse 2 casos de tuberculose multirresistente, a forma máis grave de enfermidade.

Desde o ano 2020 Galicia ten implantado o novo réxime terapéutico, máis curto, co fin de mellorar a eficacia do tratamento das formas multirresistentes da enfermidade.

O documento abordado polo Executivo galego tamén constata a curación do 92,7% dos casos que iniciaron tratamento no ano 2022. Recibiron un tratamento rigorosamente supervisado polos equipos das unidades de tuberculose o 68,1% e faleceron por mor desta enfermidade o 1,4% dos casos deste ano.

Por outra banda, e no marco do programa estudáronse 1.998 contactos de enfermos de tuberculose pulmonar, dos cales 25 (1,3%) xa estaban enfermos e 543 (27,2%) infectados no momento do estudo. Dos tratamentos de infección tuberculosa iniciados no ano 2022 nestas persoas, finalizárono correctamente o 94,4% e ascendeu ao 97,9% no relativo á idade pediátrica.

Así mesmo, realizáronse 3.914 estudos para descartar infección tuberculosa en persoas e colectivos de especial vulnerabilidade, dos cales 915 (23,4%) resultaron estar infectados. Dos tratamentos pautados no ano 2022 nestes grupos, completouno satisfactoriamente o 86,1% dos casos.

Conclusións do informe

De acordo cos datos presentados, hai que destacar a positiva evolución do Programa galego de prevención e control da tuberculose desde a súa implantación. Este feito queda reflectido na tendencia descendente da incidencia dos casos da enfermidade en Galicia e nun novo perfil de paciente coa presentación dos casos en idades máis avanzadas e con outras patoloxías asociadas, sobre todo aquelas que afectan o sistema inmunitario.

Outros indicadores do bo control da tuberculose na nosa comunidade é a baixa porcentaxe de tuberculose multirresistente aos fármacos antituberculosos, así como o alto índice de resultados satisfactorios dos tratamentos instaurados, tanto na tuberculose sensible como na tuberculose resistente, ao que contribúe que máis de dous terzos dos casos tiveron un tratamento baixo réxime supervisado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Xunto co anterior, dáse a circunstancia da pouca relevancia que ten a infección polo VIH e a tuberculose en persoas procedentes de países de alta endemia no conxunto da enfermidade en Galicia.

Os bos resultados reflicten un programa ben estruturado, cun sistema epidemiolóxico de vixilancia específico para a tuberculose e o traballo, esforzo e coordinación dos profesionais da sanidade galega, en especial dos equipos das sete unidades de tuberculosas de Galicia (UTB). Cada unha das áreas sanitarias conta con equipos integrados por persoal médico, de enfermaría e de traballo social, así como dos microbiólogos e do Laboratorio de referencia de micobacterias de Galicia.

No marco da Estratexia Fin da Tuberculose da Organización Mundial da Saúde, Galicia está a avaliar todos os obxectivos e a revisar as estratexias implantadas por se é necesario reformular algunha delas, para acadar unha incidencia de arredor de 10 casos por 100.000 habitantes nos próximos anos.

A Xunta incide en que non se debe baixar a garda e traballa para manter a tuberculose como liña clave en saúde pública. Así, avoga por potenciar as unidades de tuberculose reforzándoas no seu papel de unidades multidisciplinares e de referencia para o diagnóstico, seguimento e tratamento de todos os enfermos e infectados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA EDITOU MÁIS DE 1.000 PUBLICACIÓNS INSTITUCIONAIS DESDE 2022 CUN INVESTIMENTO DE 1,8 M€

- O Consello dá conta do informe sobre a actividade editorial do Goberno galego durante este intervalo en que se difundiron títulos de carácter informativo
- Os textos que máis se producen pertencen ás áreas de Sanidade, co 100% deles gratuítos, e de Cultura, dos cales comercializa o 34%
- O Goberno galego publicou un total de 105 libros en papel e difundiu 946 folletos, carteis, estudos ou informes de balde que se encontran dispoñibles na plataforma dixital da Libraría institucional

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde ao informe sobre a actividade editorial do Goberno galego entre 2022 e 2024, intervalo en que se destinaron 1,8 millóns de euros para editar máis de 1.000 publicacións institucionais, 538 en soporte de papel, 475 en formato electrónico e 38 de xeito electrónico físico. Entre elas hai tanto títulos que se venden, na súa maior parte libros, como outros gratuítos, que teñen carácter informativo e que distribúen directamente as unidades administrativas ou que se poden descargar desde a plataforma electrónica da Libraría institucional.

A través deste documento, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pon de manifesto o seu compromiso para seguir contribuíndo á proxección da súa actividade a través de escritos que buscan difundir o coñecemento e favorecer o enriquecemento cultural. Así, dáse conta dos recursos escritos que se puxeron á disposición da cidadanía durante estes tres anos, divididos en dúas categorías: os de pagamento, que corresponden cos venais, e os gratuítos, denominados non venais.

As publicacións á venda e de balde

Segundo o informe, as áreas da Xunta que lideran a publicación de textos son a de Sanidade e a de Cultura. No caso da primeira, o 100% das publicacións son de balde e de gran valor informativo, mentres que no eido cultural o 34% delas están destinadas á súa posta no mercado, converténdose no ámbito competencial que máis textos vende.

As publicacións destinadas á comercialización, pola súa banda, representan entre o 9% e o 11% da edición pública. A gran maioría, un total de 105 títulos, son libros editados en formato papel cun investimento de máis de 900.000 euros. Trátase principalmente de obras de divulgación, como catálogos de exposicións, revistas ou guías informativas que se publican coa intención de achegar a actividade da Administración autonómica á cidadanía.

En canto ás publicacións gratuítas, recóllese neste informe un incremento do 89% de 2022 ata o 91% do 2024, acadando un total de 946 documentos a través dun investimento de máis de 800.000 euros. Na súa maior parte trátase de textos menores, como folletos, carteis ou dípticos, estudos e informes que se difunden polo seu carácter informativo, publicacións periódicas e libros.

Difusión e distribución a través da Libraría institucional

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para avanzar cara a unha difusión dos textos máis inmediata, a Administración autonómica ten habilitada desde o ano 2015 a plataforma dixital [Libraría institucional](#), que ofrece un catálogo con máis de 2.600 publicacións oficiais de calquera departamento ou organismo do Goberno galego. Tal e como se recolle no informe, esta páxina web centraliza a difusión e a comercialización do fondo editorial tanto en formato físico como electrónico, xa sexa de pagamento ou gratuíto. Deste xeito, a ferramenta electrónica creada para promover e tutelar o acceso á cultura e ao coñecemento de todas as persoas, ademais de cubrir a necesidade de adecuar a xestión dos documentos institucionais aos recursos xerados distribuíu entre 2022 e 2024 3.083 exemplares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ CON 800.000€ A NOVA PRAZA DE ABASTOS DE PONTEAREAS PARA A SÚA ENTRADA NA REDE DE MERCADOS EXCELENTES E DINAMIZAR O COMERCIO LOCAL

- O Consello do Goberno analizou hoxe un informe sobre o convenio de colaboración que asinará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co Concello de Ponteareas para levar a cabo esta actuación reflectida nos orzamentos de 2025
- A futura praza estará na antiga nave de Aceros del Tea, da cal é titular a Administración local e que será rehabilitada para dar servizo como mercado de abastos adaptado aos novos hábitos de consumo e mantendo a estética industrial
- Ademais, modernizaranse as instalacións e dotarase o edificio dos equipamentos necesarios para a actividade comercial e para ofrecer servizos complementarios que melloren a experiencia de compra e capten novos perfís de clientes
- O primeiro trimestre do vindeiro ano está previsto o inicio das obras dun proxecto enmarcado na aposta do Goberno galego pola posta en valor das prazas de abastos, que terán un importante papel no Plan estratéxico do comercio

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o convenio de colaboración que asinará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co Concello de Ponteareas para impulsar a nova praza de abastos do municipio. A esta actuación a Xunta de Galicia destina 800.000 euros, tal e como recollen os orzamentos de 2025, e enmárcase na aposta do Executivo galego para impulsar unha rede de mercados excelentes como eixes e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado.

A futura praza estará na antiga nave de Aceros del Tea, da cal é titular o Concello de Ponteareas e que será rehabilitada a partir do primeiro trimestre do vindeiro ano - período en que se prevé o inicio dos traballos- para dar servizo como mercado de abastos adaptado aos novos hábitos de consumo mantendo a estética e o espazo industrial.

Ademais, modernizaranse o deseño e as instalacións e dotarase o edificio dos equipamentos necesarios para a actividade comercial e para ofrecer servizos complementarios que melloren a experiencia de compra e atraian novos perfís de clientes.

Deste xeito, búscase un espazo competitivo, funcional, accesible e eficiente, fusionando a innovación co mercado tradicional para pór en valor os produtos frescos e impulsar o comercio de proximidade, e de maneira que beneficie tanto os comerciantes como os usuarios.

Para iso, o mercado constará dunha planta e a obra incluírá tarefas de acondicionamento do terreo en que está a edificación e das fachadas, labores de carpintaría, pavimento interior e división dos espazos e saneamento. Ademais, adaptarase as instalacións interiores e habilitarase unha ducia de postos para os

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

praceiros, nos cales se comercializarán peixe, carne e outros produtos de alimentación e entre os cales tamén haberá cafetaría.

Entre os equipamentos con que se dotará esta infraestrutura están un novo ascensor, cámaras de xeo, sala polivalente, almacéns de mercado de produtores, almacéns de operadores, vestiarios e oficina de comerciantes.

Coa rehabilitación do edificio que acollerá esta nova praza de abastos tamén se busca converter este inmovible nun lugar de encontro de lecer e de actividade para locais e visitantes. Neste sentido, realizarase un espazo central para produtores e para actividades, como presentacións de produtos e outro tipo de eventos relacionados coa hostalaría e a gastronomía.

Deste xeito, trátase de responder ás necesidades e demandas dos usuarios do mercado e, ao mesmo tempo, impulsar o papel deste edificio, que ten gran vencello co contorno, como dinamizador da vila e o mellor escaparate do produto galego de calidade, favorecendo a vertebración do territorio.

Mercados excelentes

Ao mesmo tempo, esta actuación tamén ten como fin facilitar que este espazo acade o selo de calidade de Mercado Excelente, un distintivo con que o Goberno galego trata de revitalizar estes espazos. De feito, enmárcase na aposta da Xunta por potenciar a rede de mercados con este selo que impulsa a visibilidade das prazas de abastos como pezas clave do comercio local das vilas e cidades galegas.

Precisamente o *Diario Oficial de Galicia* -DOG- publicou en novembro a resolución da convocatoria deste ano cos beneficiarios da orde para fomentar este selo de excelencia, con case 700.000 € para 28 municipios dos cales só dous están provistos xa co distintivo, para levar a cabo tanto accións necesarias de cara á obtención do selo como melloras nos mercados, co fin de afondar na revitalización destes espazos comerciais como vertebradores do territorio e xeradores de riqueza e emprego. Tamén resultaron beneficiarias 19 asociacións e federacións de prazas de abastos -dun importe próximo aos 200.000 euros- para a dinamización comercial e mantemento das súas webs de venda electrónica.

Os mercados de abastos terán un importante papel dentro do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que se está a elaborar e que se presentará no primeiro trimestre do ano que vén. Con esta folla de ruta búscase potenciar as prazas de abastos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao contorno en que se integran, ao produto local e a valores como a sustentabilidade, a protección do ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.